

Programa GALICIA EMPREGA 2020



Programa **Galicia Emprega** de incentivos á contratación por conta allea:

Para favorecer a formación e a contratación de **máis de 1.100 mulleres, persoas paradas de longa duración, mozos e mozas e persoas discapacitadas ou en risco de exclusión**, para impulsar, deste xeito, o traballo nos colectivos con máis dificultades para atopar un emprego.

Cun orzamento global de **10,5 millóns de euros**, un **12% máis** que na convocatoria de 2019.

CATRO LIÑAS DE AXUDAS:

Emprega PLD

Publicación DOG n.º 3 do 07/01/2020
Procedemento TR349R

Emprega Xuventude

Publicación DOG n.º 3 do 07/01/2020
Procedemento TR349T

Emprega Muller

Publicación DOG n.º 3 do 07/01/2020
Procedemento TR350A

Emprega Inclusión

Publicación DOG n.º 3 do 07/01/2020
Procedemento TR342A

PRAZOS para a solicitude:

- Contratos desde o 01/10/2019 ata 07/01/2020: 2 meses
- Contratos posteriores a 07/01/2020: ata o último día do segundo mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral
- En calquera caso, o prazo **rematará de forma xeral o 30/09/2020**

ENTIDADES BENEFICIARIAS:

Poderán ser entidades beneficiarias: as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten persoas desempregada para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen en cada liña de axudas.

Non poderán ser entidades beneficiarias: as administracións públicas, as sociedades públicas, as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas, os centros especiais de emprego, as empresas de inserción, as entidades de formación e as entidades sen ánimo de lucro.



A. BONO DE INCENTIVOS A CONTRATACIÓN:

2M€**Emprega PLD**Mínimo **5.000€** contrato temporalMínimo **10.000€** contrato indefinido**2M€****Emprega Xuventude**
(menores 30 anos)Mínimo **3.000€** contrato temporalMínimo **6.000€** contrato indefinido**4,3M€****Emprega Muller**Mínimo **6.000€** contrato temporalMínimo **12.000€** contrato indefinidoMínimo **4.000€** conversión ct temporal/indefinido*Mínimo **2.000€** incremento xornada ct indefinido*
tempo parcial ata completa**2,2M€****Emprega Inclusión**
(discapacidade/risco exclusión)Mínimo **2.000€** ct temporal (3 meses/tempo completo)Mínimo **4.000€** ct temporal (6 meses/tempo completo)Mínimo **8.000€** ct temporal (12 meses/tempo completo)Mínimo **16.000€** contrato indefinidoMínimo **6.000€** conversión ct temporal/indefinido*

*Neste caso, non caben incrementos sobre o incentivo base.

Incremento sobre incentivo base

+ 25%, en virtude das seguintes circunstancias
(acumulables entre si):

- ✓ Se a persoa contratada é **maior de 45 anos**
- ✓ Se a persoa contratada é **emigrante retornada** 
- ✓ Se a persoa contratada é **trans**
- ✓ Se o centro de traballo está situado nun **concello rural** 
- ✓ Se é unha empresa con máis de 50 persoas traballadoras e unha **taxa de estabilidade** igual ou superior ao 70 %
- ✓ Se a actividade da empresa pertence ao ámbito de **sectores estratéxicos**

B. BONO DE FORMACIÓN:

- + **2.000 €** por persoa con contrato temporal (mín. 6 meses)
- + **4.000 €** por persoa con contrato temporal indefinido

Requisitos:

- ✓ Duración mínima: **70 h** contratos indefinidos pu **50 h** contratos temporais
- ✓ Formación teórica en contidos relacionados co posto de traballo
- ✓ Non pode ser teleformación ou formación a distancia
- ✓ Terá lugar dentro dos tres primeiros meses desde o inicio do contrato e deberá estar finalizada o 30 de novembro de 2020

Máis información:
axudas.emprego@xunta.gal

+ Emprego para Galicia